



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS RELATIVAS AO USO PÚBLICO E DE ACTIVIDADES RECREATIVAS NOS ILLOTES DOS GUIDOIROS E ILLA DE RÚA

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente norma a aprobación das normas relativas ao uso público e actividades recreativas nos Illotes dos Guidoiros e Illa de Rúa, para evitar que as actividades de uso público poidan seguir alterando e mesmo deteriorando os hábitats naturais e os habitats das especies.

A superficie obxecto de regulación por estas normas, que abarca un total de 1073,16 ha das cales 49,08 ha correspóndense coa superficie terrestre e as 1024,08 restantes coa superficie mariña, está delimitada dentro dos oito vértices recollidos no Anexo I, coincidentes os seis primeiros con vértices da ZEC Complexo Ons-O Grove (ES1140004).

A representación cartográfica desta superficie recóllese no Anexo II.

2. Marco normativo e competencial

O artigo 149.1.23 da Constitución española atribúe competencia exclusiva ao Estado para aprobar a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. Así mesmo, o seu artigo 148.1.9 dispón que as comunidades autónomas poderán asumir competencias na xestión en materia de protección do medio ambiente. O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á nosa comunidade autónoma, no seu artigo 27.30, a competencia para aprobar normas adicionais sobre a protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos establecidos no 149.1.23.

O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, establece que esta



consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia, nos termos sinalados na Constitución española. De conformidade coa habilitación normativa contida na Disposición final terceira do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os Lugares de Importancia Comunitaria de Galicia e aprobase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, que habilita a persoa titular da consellería competente en materia de conservación da natureza para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento dunha norma, que poderá levarse a cabo mediante a elaboración de medidas de conservación e xestión específicas, entre outros, para determinados hábitats ou especies, ou para determinados usos e actividades. En relación co anterior, o artigo 47.2 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (en termos parellos ao disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro/ de patrimonio natural e da biodiversidade) prevé que a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural fixará as medidas de conservación necesarias nas zonas especiais de conservación e nas zonas de especial protección para as aves que implicarán, entre outras, axeitadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, para recoller finalmente no paragrafo 2 que igualmente, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural tomará as medidas apropiadas, en especial nos devanditos plans ou nos instrumentos de xestión, para evitar nos espazos protexidos Rede Natura 2000 a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats das especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivaron a designación destas áreas/ na medida en que as ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta aos obxectivos da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, previsións que xunto coa Disposición final terceira do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, anteriormente referido, motivan e fundamentan o presente proxecto de Orde.

Polo demais, e no que fai competencia para a aprobación do proxecto sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle a Vicepresidenta segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda, de conformidade co artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita lei e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral de do sector público autonómico de Galicia.



De acordo co artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a adecuación os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia xustifícase nos distintos informes e memorias do presente proxecto de orde.

Así mesmo, obsérvase o cumprimento do resto do mandato contido no artigo 129 da Lei 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a xustificación da necesidade normativa e os fins perseguidos figuran na memoria xustificativa.
- O proxecto respecta a lexislación básica comunitaria e estatal na materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

3. Estrutura do proxecto normativo

O proxecto de orde consta de tres artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e unha disposición final única relativa a súa entrada en vigor.

4. Tramitación

O acordo de inicio de tramitación do anteproxecto de orde foi asinado pola entón Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o 13.07.2022.

O anteproxecto de orde tramitouse de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. No expediente constátase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de orde acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes a fase inicial da tramitación:

- Un documento de inicio de tramitación da Orde.
- Unha memoria xustificativa e económica do proxecto de Orde.
- Un informe do servizo xurídico administrativo da Dirección Xeral de PatrimONIO Natural

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural acordou na data do 13.07.2022, someter ao trámite de participación pública o Documento de inicio para a tramitación da orde pola que se establecen as normas relativas ao uso público dos Illotes dos Guidoiros e Illa de Rúa, de conformidade co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de



xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, de xeito que o Documento de Inicio se estivo exposto publicamente no Portal de Transparencia desde o 18.07.22 ata o 18.08.22, constando certificado de publicación no dito portal de data 22 de agosto de 2022.

Consta no expediente un informe d Xefe do Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra, do 15 de xullo do 2022, no que se xustifica a necesidade de estas restricións cunhas limitacións de usos e actividades mais estrictas que as previstas no Plan director da Rede Natura 2000.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

- *Trámite de audiencia e información pública:* O proxecto foi remitido para alegacións a todas as Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a outras entidades que puidesen resultar interesadas, entre elas, a Administración xeral do Estado (Servizo Provincial de Costas en Pontevedra do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico e Organismo Autónomo Parques Nacionales (Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) e os Concellos da Ría de Arousa cun interese directo nestas normas de uso público.

O proxecto tamén foi sometido a información pública de acordo cos artigos 16 a 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente. O anuncio publicouse no Diario Oficial de Galicia o 17 de outubro do 2022.

Consta no expediente un certificado de transparencia de data 11 de novembro de 2022.

- *Informe e ditames:* Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:
 - Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de data 12 de marzo de 2023
 - Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa de data 10 de maio de 2023
 - Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos de data 15 de marzo de 2023
 - Informe da Dirección Xeral da Función Pública de 4 de maio de 2023
 - Informe da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica de 9 de marzo de 2023

- Informe do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) de 20 de xuño de 2023

Consta no expediente un informe sobre os trámites de información pública, audiencia e informes, no que se deixa constancia das alegacións e propostas recibidas, e os cambios efectuados no texto en esta fase de tramitación, asinado pola Directora xeral de Patrimonio Natural, con data do 13.05.2023.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 26 de xuño de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos illotes dos Guidoiros e illa de Rúa.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2023

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero

